



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Estancias Clínicas IV	Código	661G01028	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Ter superadas as Estancias Clínicas I,II,III para poder cursar esta materia.			
Departamento				
Coordinación	García Rodríguez, María Teresa Bestilleiro, Rocio	Correo electrónico	m.t.garcia.rodriguez@udc.esr.seijob@udc.es	
Profesorado	García Rodríguez, María Teresa Seijo Bestilleiro, Rocio Seijo Bestilleiro, Rocio	Correo electrónico	m.t.garcia.rodriguez@udc.es rocio.seijo.bestilleiro@sergas.es r.seijob@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estas estancias clínicas correspóndense a un nivel intermedio da aprendizaxe práctica tutelada do estudante, tendo como finalidade integrar os coñecementos e habilidades adquiridos na materia Enfermaría Comunitaria I e II. Están dirixidas á incorporación dos estudantes no ámbito da atención primaria de saúde, co fin de que aprendan a proporcionar ás persoas e ás familias coidados integrais e continuos, diagnosticando os problemas de saúde, diseñando os planos de coidados, desenvolvendoos e avaliandoos, tendo en conta a situación de saúde das persoas, o seu contorno e ciclo vital, co obxectivo de promover, manter ou mellorar a súa saúde. Así mesmo, considerarase un obxectivo primordial o desenvolvemento de habilidades de comunicación cos usuarios, as familias e o equipo do centro de saúde.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Cooperar có equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario.	A62	B1 B5 B10 B13 B14 B22	C4 C7
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as súas familias e grupos.	A62	B7 B10 B14 B15	C1 C12
Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital. Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.	A62	B1 B3 B8 B9 B11 B12 B19 B20	C3 C10 C11



Actuar segundo os principios éticos e legais que guían á profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B1 B3 B6 B8 B9 B11 B13 B16 B20 B24	C4 C10 C11 C12
--	-----	---	-------------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas clínicas tuteladas realizadas en centros de atención primaria de saúde.	Permiten ao estudante integrar os coñecementos teóricos e as habilidades adquiridas; así como comprender, diagnosticar os problemas de saúde, deseñar un plan de coidados e desenvolvelo tendo en conta a situación específica de saúde .

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B8 B11	1	0	1
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	240	12	252
Simulación	B1 B3 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22 B24 C1 C4 C11	2	10	12
Estudo de casos	B1 B3 B8 B11 B12 B19 C1 C3 C7 C10 C12	2	30	32
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas no contorno da atención primaria de saúde. Realízase unha sesión na aula na que se especificarán tódolos aspectos necesarios para o correcto desenvolvemento da materia, así coma o sistema de avaliación.
Prácticas clínicas	Actividade formativa que conleva un contacto coa realidade profesional ó desenvolverse en centros de atención primaria de saúde e na comunidade, nas que os estudantes observan e participan nas actividades do equipo de saúde, co fin de proporcionarlles as oportunidades que supoñan a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica enfermeira. Cada alumno terá asignado ó inicio do curso un centro de saúde para realizar o rotatorio.



Simulación	Ponse ao estudante ante unha situación habitual da práctica de enfermaría en atención primaria na cal se proba o seu comportamento , os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.
Estudo de casos	Actividade encamiñada a promover a aprendizaxe autónoma do estudante, consistindo na selección dunha situación clínica concreta validada pola profesora responsable da materia, para a súa abordaxe e resolución con metodoloxía enfermeira. Deberá realizarse a presentación oral a outors/as estudantes e ás profesoras.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Simulación Estudo de casos Prácticas clínicas	<p>A atención personalizada relacionada coas Prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o estudante debe acadar. Farase de forma individualizada, ben de xeito presencial, ou a través do correo electrónico.</p> <p>A atención personalizada relacionada co Estudo de Casos e simulación ten como finalidade orientar ós estudantes na realización e presentación das situacións clínicas. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial, ou a través do correo electrónico.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Simulación	B1 B3 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22 B24 C1 C4 C11	<p>Crterios de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Asistencia obrigatoria</li> <li>2.Desenvolvemento das habilidades na entrevista centrada na persoa: 5 puntos</li> <li>3. Valoración focalizada y determinación de intervenciones específicas: 5 puntos</li> </ol>	10
Estudo de casos	B1 B3 B8 B11 B12 B19 C1 C3 C7 C10 C12	<p>Crterios de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Asistencia obrigatoria.</li> <li>2. Presentación do caso ( síntese do contido e orixinalidade,redación e sintaxis, presentación e bibliografía; puntuación total 2 punto)</li> <li>3. Análise da situación e correcta formulación dos DdE (puntuación total 3 puntos)</li> <li>4. Selección de resultados e intervencións de enfermaría (puntuación total 4 punto)</li> <li>5. Exposición oral (presentación, postura corporal, contido, xestión de tempo, destreza verbal;puntuación total 1 punto)</li> </ol>	40
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	A asistencia ás prácticas clínicas será obrigatoria. Realizarase unha avaliación continuada da adquisición das competencias a través dos criterios ou indicadores establecidos.	50

### Observacións avaliación



A superación da materia queda suxeita a que cada unha das metodoloxías sexa superada polo estudante de forma independente, acadando o 50% da nota máxima posible da porcentaxe que lle corresponde.

Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán xustificarse de acordo a normativa xeral do Centro relativa as Estancias Clínicas. Estas serán recuperadas ó remate dos rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas. As faltas non xustificadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro.

As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicarase no taboleiro da Escola e na páxina web antes do inicio das mesmas.

O finalizar o periodo de prácticas clínicas os estudantes deberan presentar a a Memoria segundo se especifica no regulamento de Estadias Clínicas.

Avaliación 2ª oportunidade: Dado que a practica clinica e unha actividade presencial, non recuperable, os estudantes so poderán empregar a 2ª oportunidade para recuperar as actividades relativas a estudio de casos e simulación.

Adianto de oportunidade e estudantes con matricula parcial, dado que a practica clinica e unha actividade presencial, non recuperable, non e posible establecer unha avaliación diferente para estos casos.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	NANDA internacional. Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2018-2020. Madrid: Elsevier; 2018. Moorhead S, Swanson E, Johnson M, Maas ML. Clasificación de resultados de enfermería (NOC). 6ª ed. Madrid: Elsevier; 2018. Bulechek GM, Butcher HK, McCloskey Dochterman J. Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). 7ª ed. Madrid: Elsevier; 2018. NANDA Internacional. Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. Barcelona: Elsevier; 2011. Arias Vázquez JM, Blanco Rial ML, Constenla Castro A. Estandarización de cuidados de enfermería ao paciente inmobilizado no domicilio. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade; 2005. Delgado Fernández R, Pérez Vázquez A, Rodríguez Iglesias FJ. Manual de prevención e tratamento de úlceras por presión. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade; 2005. Luis Rodrigo MT. Los diagnósticos enfermeros. Revisión crítica y guía práctica. 8ª ed. Barcelona: Elsevier; 2008. Martín Zurro A, Jodar Sola G. Atención familiar y salud comunitaria: Conceptos y materiales para docentes y estudiantes. Barcelona: Elsevier; 2011. <a href="http://www.fisterra.com/">http://www.fisterra.com/</a> A bibliografía especificada na materia de Enfermería Comunitaria I e II
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/661G01001  
 Bases para a interpretación do coñecemento científico/661G01008  
 Enfermería Comunitaria I/661G01014  
 Enfermería da Saúde Mental/661G01015  
 Enfermería clínica III/661G01017  
 Enfermería materno-infantil/661G01018  
 Enfermería Comunitaria II/661G01019  
 Enfermería Xerontolóxica/661G01020  
 Enfermería Clínica I/661G01034  
 Enfermería Clínica II/661G01035  
 Fisioloxía/661G01105  
 Fundamentos de Enfermería/661G01107

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estancias Clínicas V/661G01029  
 Estancias Clínicas VI/661G01030  
 Estancias Clínicas VII/661G01031

### Materias que continúan o temario

Practicum/661G01032

## Observacións



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías